

Xaneiro a Xuño 2023

PROGRAMA ESCOLAR MPG

Actividades, obradoiros e
visitas didácticas dirixidas.
De Infantil a Bacharelato.

Museo do Pobo Galego



• INFANTIL e 1º PRIMARIA.

UN MUSEO NUN CORDEL

Xunto coa narradora Raquel Queizás visitaremos a sala de **oficios** aprendendo sobre eles grazas ás maltranas, cartelóns con debuxos que utilizaban as persoas cegas para contar historias. Deste xeito achegaremos ao alumnado máis novo ao amplo mundo do **patrimonio inmaterial**, non só a través de contos, lendas ou adiviñas, senón tamén á literatura de cordel.

- Dirixida ao último ciclo de Infantil e 1º de Primaria
- Visita dinamizada polo DEAC. Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 50 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas · Febreiro: mércores 15 e martes 28 / Marzo: xoves 23 e mércores 29.
- Horario: 11h15 ou 12h30

COSCOBELLOS... AO CESTO!

Tamén podedes visitarnos de xeito autónomo, é dicir, sendo o profesorado quen dinamice a visita no Museo a través dos nosos materiais. Ofrecémosvos esta dinámica que mestura o conto coa busca de pistas, tendo como protagonista un personaxe moi escorregadizo da nosa **mitoloxía**, o coscobello.

- Dirixida ao último ciclo de Infantil e 1º de Primaria.
- Visita autónoma dirixida polo profesorado. Prezo: de balde.
- Duración aproximada: 60 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

O CICLO FESTIVO

Achegámosvos recursos didácticos **para traballar no voso centro** cos diferentes cursos de Infantil e 1º de Primaria naquel momento do curso que mellor vos conveña. O eixo central son as **festas populares** que celebramos ao longo do ano e nas que poderedes afondar a través de recursos como cancións, deseños tradicionais, refráns ou diferentes ritos asociados.

- Solicitud dos materiais en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: de balde.

● PRIMARIA.

DA VARA AO CARABELO

Unha visita obradoiro na que o alumnado terá contacto con saberes e técnicas do **patrimonio náutico e pesqueiro**, promovendo o respecto e o coidado polo medio mariño. Simularemos un mar con diferentes especies de peixes a tamaños reais que haberá que pescar con pequenas canas montadas con liña. Despois, clasificarémolo segundo as especies e os tamaños, rexeitando aqueles que non sexan comerciais.

- Dirixida a 2º e 3º de Primaria.
- Visita dinamizada polo DEAC. Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

FERRAMENTAS EN MIMO

Coa entrega descontextualizada dunha ferramenta de traballo e algúns elementos relacionados, o alumnado deberá deducir que **oficios** teñen entre mans e, a través do mimo, transmitirlo ao resto dos e das compañeiras. Trabállanse temas como tradición ou artesanía, á vez que a comprensión, o aspecto lúdico e creativo da comunicación e a expresión corporal.

- Dirixida ao 4º, 5º e 6º de Primaria.
- Visita dinamizada polo DEAC. Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 90 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

MUSEO EN TEST

Actividade de busca de información polas salas do Museo baseada nos **xogos de pistas** tipo test, onde o alumnado ten de atopar a solución correcta dentro das opcións que o xogo lle presenta.

- Dirixida a Primaria, de 2º a 6º de Primaria.
- Visita autónoma mediada polo profesorado a través dos materias que enviamos con antelación. Prezo: de balde.
- Duración aproximada: 60 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

- **INFANTIL / SECUNDARIA /
BACHARELATO**

CARTOGRAFÍAS TEXTÍLS - Instalación participativa.

Mes de Abril.

De balde.

Proxecto internacional de investigación-acción participativa que procura promover o estudo e o facer artístico con materiais e técnicas textís como o bordado (ou calquera outra) que se empregan aquí como elementos que favorecen a cohesión social, o activismo medioambiental e a relación coa identidade e o patrimonio.

A través da colaboración de calquera persoa ou colectivo que o desexe, deseñando o seu propio cadrado de tela de 10x10cm, procúrase construír unha cartografía colectiva de raíz etnográfica que mostre historias contadas a partir da arte e o deseño téxtil.

Para participar basta con achegarse ao Museo e empregar os materiais que estarán a disposición do público. Se o preferides tamén podedes traer os cadrados bordados ao Museo. Estes deseños pasarán a formar parte da instalación e posteriormente seguirán viaxando por diferentes países, sendo parte dunha gran obra colectiva que vai medrando con cada achega persoal e grupal.

Coordinación Internacional do proxecto: Associação de Professores de Expressão e Comunicação Visual de Portugal (APECV). Coordinación en Santiago de Compostela: Colectivo C3 / Cristina Trigo.

Para coñecer máis sobre o proxecto e os diferentes xeitos de participación, podedes asistir ao **SEMINARIO** gratuito que terá lugar o

DÍA: xoves, 23/2

HORARIO: 17h a 19h

INSCRICIÓN: servizosdeac@museodopobo.gal

• SECUNDARIA e BACHARELATO.

DAS FERREÑAS AO AUTOTUNE

Das Ferreñas ao autotune é un percorrido que nos amosa o Museo co fío argumental da **música tradicional**. Para que a usamos, como chega até nós ou que novos estilos a nutren, son algunhas das preguntas ás que responderemos conxuntamente.

- Dirixida ao alumnado de 1º da ESO.
- Visita dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.

ESTA PEDRA DÁME SORTE?

Itinerario polas salas de Sociedade e Arquitectura onde, a través da entrega dun amuleto, mergullarémolos nunha visita que fala da **simbología** e dos significados que lle damos ás cousas que nos rodean, así como das funcións sociais que construímos arredor delas.

- Visita dinamizada polo DEAC.
- Dirixida ao alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.

SON(EM)PEZA

Paseo sonoro polas salas do Museo da planta baixa e do entrechán, para achegarnos á riqueza do noso **Patrimonio Oral Inmaterial**. Escoitaremos diferentes exemplos sonoros asociados a pezas das salas. Así, os obxectos botarannos desde cántigas a refráns, pasando por xogos, ritos ou sons de utensilios e ferramentas.


- Visita dinamizada polo DEAC.
- Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e 1º/2º de BACHARELATO.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.

ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, dirixidas polo profesorado a través de materiais que vos enviamos con antelación. Con diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo, poderedes desfrutar dos nosos contidos.

Podedes escoller entre:

1. Museo en test _____ Para 1º e 2º da ESO.
2. Quebracabezas temático ____ Para 3º e 4º da ESO e Bacharelato.
3. A fórmula Andrade ____ Para todo o ciclo da ESO.
4. Remuíño de pistas ____ Para centros en intercambio.
(Dispoñíbel en castelán, portugués, francés e inglés).

 Podedes ver os materiais [pinchando aquí](#).

- Actividades dirixidas polo profesorado.
- Prezo de balde. O centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda (agás na *Fórmula Andrade* que o máximo é de 16).
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación directa das educadoras do Museo, debedes ter a reserva confirmada a través do correo-e servizosdeac@museodopobo.gal

MICE PETÍS en liña.

Mice Petís é a sección didáctica para centros escolares da MICE, a nosa **Mostra Internacional de Cinema Etnográfico**, que neste 2023 celebraremos na semana do 14 de marzo.

A partir desta semana e até final de curso, compartiremos convosco unha **selección de filmes** que participaron en diferentes edicións do Festival e que serven para reflexionar sobre conceptos como o sentimento de pertenza a un lugar, o vínculo co territorio que habitamos, a actualidade de costumes e tradicións que nos rodean ou o diálogo sobre a inmersión cultural e a integración social.

- Dirixida ao alumnado de 3º /4º da ESO e Bacharelato.
- Actividade a desenvolver, a partir do 14 de marzo, no centro educativo a través de ligazóns á nosa canle de Vimeo.
- Un total de 4 curtas de entre 11 e 30 minutos. Podedes velas todas ou seleccionar aquelas que máis vos encaixen na programación.
- Concertar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Prezo: de balde.

INFORMACIÓN PARA CONCERTAR A VISITA

- HORARIO DE ATENCIÓN DE OFICINA do DEAC
De martes a venres de 09h30 a 15h.
- HORARIO DE ATENCIÓN A GRUPOS EN SALA
De martes a venres de 11h a 14h.
- HORARIO PARA A VISITA LIBRE OU AUTÓNOMA
De martes a venres de 11h a 18h.
- RESERVAS A TRAVÉS DE FORMULARIO
Podedes acceder [pinchando aquí](#).
- PREZO DE ENTRADA
Gratuíto para estudantes menores de 18 anos.
- PREZO DAS ACTIVIDADES/VISITAS
Actividades/Visitas con educadora do MPG: 70ct por alumno/a. De balde para centros socios.
Visita libre/autónoma: de balde.
- DATOS DE CONTACTO
servizosdeac@museodopobo.gal
981 583 620
(Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e)